



CAMPAÑA DE SEGURIDADE NA CAZA “CAZA SEGURO, PARA CAZAR BEN”

A campaña, que vai dirixida a tódolos cazadores pero especialmente aos de caza maior, consiste principalmente na distribución de chalecos de cor amarelo fluorescente, roupa de cores vivas, folletos e carteis divulgativos con consellos sobre a caza con seguridade.

Durante a presentación da campaña de sensibilización para a prevención de accidentes nas cacerías o Presidente da FGC sinalaba *“cazar seguro depende de cadaún de nós, das precaucións que cada cazador adoptemos, pero tamén da visibilidade, por iso aconsellámo-lo uso dos chalecos ou roupa de cores vivas para axudar a que os nosos compañeiros saiban onde estamos. En definitiva, debemos poñer os cinco sentidos nas nosas accións porque a maior seguridade está na nosa boa cabeza”*, remataba alertando aos cazadores para que tomen as máximas precaucións posibles ante esta nova tempada de caza que agora arranca.

Esta campaña forma parte dun dos programas do Convenio asinado recentemente entre a Federación Galega de Caza e a Consellería de Medio Ambiente para a divulgación da actividade cinexética.

